

CIENCIAS SOCIAIS4ª DE PRIMARIA.

Apreciados nenos:

Esta semana imos repasar dous contidos traballados no aula : a paisaxe de interior e a paisaxe de costa.

Para iso, aconséllvos:

O martes, ler o primeiro texto e contestar as preguntas. O xoves,intentade facer o mesmo co outro.

O relevo da paisaxe de interior.

As paisaxes de interior son aquelas que se encontran afastadas da costa, e aínda que teñen elementos comúns con eles, tamén presentan diferenzas apreciables.

Os vales son as zonas baixas entre montañas por onde adoita discorrer un río, proporcionando abundante vexetación e terras fértiles para o cultivo.

Basta con mirar o val para coñecer a súa orixe: se ten forma de V significa que as montañas que o rodean son novas, a erosión dos ríos fai que adquira esa forma. Non obstante, se ten forma de U quere dicir que a súa orixe é a dun antigo glaciar, cuxa erosión provocada pola neve é máis ancha na base.

Responde:

1. Que diferenza hai entre un val, unha chaira e unha meseta?

2. Que diferenza hai entre un val en forma de V e outro en forma de U respecto á súa orixe?

O relevo da paisaxe de costa.


Paraxe natural

Cantil de Maro-Cerro Gordo

Desde o mirador da Torre de Maro gózase da espectacular paraxe natural Cantís de Maro-Cerro Gordo. A panorámica componse de abruptos cantís intercalados con praias e pequenas calas de difícil acceso, mentres que nas ladeiras da montaña colgan impresionantes terrazas cultivadas a grandes alturas.

Este enclave esténdese desde a torre de vixilancia costeira de Maro ata a cala de Caleiza e inclúe, ademais, unha franxa mariña de gran valor ecolóxico.

Percorrendo o sendeiro que se mete no Bosque do Cañuelo, atrávesase por matogueira mediterránea e masas arbóreas de piñeiro carrasco, xunto con especies pouco comúns como o *Buxus balearica*. Este arbusto tóxico soporta temperaturas extremas e pode chegar a vivir máis de cincocentos anos. A presenza de aves, como lavandeiras ou gaivotas, acompañan durante o percorrido.



1. Despois de ler o texto, escribe os elementos da paisaxe de costa mencionados nel.
